

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3 DE OUTUBRO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00043897K.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas das seguintes sesións:

- Ordinaria de data 19 de setembro de 2022.
- Ordinaria de data 26 de setembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 29 de setembro de 2022 ás 12:20 horas.
- Extraordinaria-urxente de data 29 de setembro de 2022 ás 14:20 horas.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00004716K.**

#### **Aceptar cesión de viario e conceder licenza para a parcelación da finca sita no LG Aldrey, 5 Marrozos**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 30/06/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo oitocentos vinte..

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 30/11/2020 e documentación presentada o 25/06/2021 e o 14/07/2022, parcelación da finca sita no Lg Aldrey 5 Marrozos Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

#### **PARCELA RESULTADO 1375**

Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Superficie Neta 1.183m2s

#### **PARCELA RESULTADO 1375-A**

Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Na parte traseira Solo Clasificado Rústico Categoría de Protección e Cualificado Ordenanza 16 Solo Rústico de Protección Agropecuaria. Superficie Neta 1.482m2s

Cesión 194,00m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00010284B.**

#### **Aceptar cesión de viario e Licenza para a segregación de finca situada na Rúa Munin 9 -11.**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 20/06/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo mil cento sesenta e seis. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presento na data 01/03/2022 e a documentación achegada o 11/04/2022 e o 13/07/2022, a segregación de finca situada na Rúa Munin 9 -11 Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado.

**PARCELA RESULTADO FINCA MATRIZ 108-2**

Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 970,00m2s

**PARCELA RESULTADO LOTE 1 SEGREGADO 108-2-A**

Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 993,00m2s

CESIÓN 97m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00043904D.**

**Licenza para a rehabilitación e ampliación de vivenda na Rúa Varela de Montes 9ª**

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 05/10/2021 e o 10/12/2021 e a documentación complementaria presentada o 24/09/2022, cun orzamento de execución material de 183.061,33 €.

**5. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/151.**

**Corrección de erros na convalidación da omisión da función interventora relación contable de facturas S/2022/151 na Xunta de Goberno Local de 29 de agosto de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local sobre covalidación da omisión da función interventora S/2022/151

**ONDE DI:**

*Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (4.605,80€) que comeza pola factura número F/2022/1584 por importe de 787,36 euros e remata pola factura número F/2022/2802 por importe de 29,69 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en varias dependencias municipais, correspondentes ao período entre xaneiro e maio de 2022.*

**DEBE DICIR:**

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/151 con vinte e tres (23) facturas emitidas por varias empresas (XESTIÓN DIXITAL, COMPOSTELA SLU, RICOH ESPAÑA SLU, SOLITIUM NOROESTE SL, e LA TECLA SANTIAGO SL) que comeza pola factura número F/2022/1584 de data 06/04/2022 por importe de 787,36 euros e que finaliza coa factura número F/2022/2802 de data 22/06/2022 por importe de 29,69 euros, en concepto de servizo de copiadoras en varias dependencias municipais

Segundo.- No acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2022

**ONDE DI:**

*Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (4.605,80€) que comeza pola factura número F/2022/1584 por importe de 787,36 euros e remata pola factura número F/2022/2802 por importe de 29,69 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en varias dependencias municipais, correspondentes ao período entre xaneiro e maio de 2022.*

**DEBE DICIR:**

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/151 con vinte e tres (23) facturas emitidas por varias empresas (XESTIÓN DIXITAL, COMPOSTELA SLU, RICOH ESPAÑA SLU, SOLITIUM NOROESTE SL, e LA TECLA SANTIAGO SL) que comeza pola factura número F/2022/1584 de data 06/04/2022 por importe de 787,36 euros e que finaliza coa factura número F/2022/2802 de data 22/06/2022 por importe de 29,69 euros, en concepto de servizo de copiadoras en varias dependencias municipais.

**6. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1167/2022.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/1730 emitida por Green Tal SA, en concepto de servizo “Linea Verde” de xestión de incidencias no equipamento urbán do Concello de Santiago correspondente ao primeiro trimestre do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS VINTENOVE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.329,79€) correspondentes á factura número F/2022/1730, en concepto de “línea verde” de xestión de incidencias no equipamento urbán do Concello de Santiago correspondente ao primeiro trimestre do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/224.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento do sistema de alarmas nas dependencias municipais dos Servizos Económicos entre os meses de marzo e abril de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (234,14 €) segundo relación contable de facturas S/2022/224 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/1936 por importe de 54,91 euros, e remata pola factura número F/2022/1937 por importe de 179,23 euros, a favor da empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**8. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/2290.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida pola empresa Schindler, S.A. en concepto de servizos de mantemento de ascensores en distintas dependencias municipais, correspondentes ao mes de abril do ano 2022.**

acordos:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUSCENTOS OITO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (208,60 €), segundo factura F/2022/2290 que se achega no expediente, emitida pola empresa Schindler, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00036467C.**

**Aprobación do expediente do Servizo Teatro de barrio nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela e autorización do gasto.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do *Servizo Teatro de barrio nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.*

Segundo: Abrir o procedemento de adxudicación aberto.

Terceiro: Autorizar un gasto total por importe de **69.408,50 €** (base imponible de 57.362,40 € e IVE do 21% por importe de 12.046,10 €).

O crédito das anualidades futuras queda condicionado á efectiva consolidación dos recursos nos exercicios orzamentarios correspondentes, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

A duración do contrato será de 2 anos a contar desde o 1 de outubro de 2022 ata o 30/09/2024. A execución dos traballos realizarase de acordo e nos prazos establecidos no prego de prescricións técnicas. O contrato poderase prorrogar por 2 anos máis.

Os criterios de adxudicación seleccionados son:

☑ Criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízo de valor (ata 25 puntos)

1. Proposta de dinamización dos clubs e espazos teatrais da Rede de Centros Socioculturais (ata 10 puntos)
2. Valoración de textos de creación teatral e promoción da cultura en galego (ata 2 puntos)
3. Proposta de traballo intergrupar arredor do teatro ao longo do ano (ata 9 puntos)
4. Proposta comunicativa e de documentación do proxecto (ata 2 puntos)
5. Proposta de apoio técnico e medios materiais e tecnolóxicos necesarios consonte a súa proposta de xestión de servizo, sempre en préstamo (ata 2 puntos)

☑ Criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmulas (ata 26 puntos)

1 Oferta económica (ata 20 puntos)

2 Calidade do equipo de traballo especificamente destinado a prestación do servizo( ata 6 puntos)

Os criterios de adxudicación son proporcionais e gardan relación co obxecto do contrato. Coa selección dos ditos criterios preténdese elixir a oferta economicamente máis vantaxosa.

#### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00039682S.**

**Aprobación do expediente do “Servizo de mantemento e apoio para a administración, configuración e explotación de todos os módulos da solución de administración electrónica subministrada por T-SYSTEMS IBERIA SAU”.**

Acórdase:

-Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do Servizo de mantemento e apoio para a administración, configuración e explotación de todos os módulos da solución de administración electrónica subministrada por T-SYSTEMS IBERIA SAU

☑ Abrir o procedemento de adxudicación negociado sen publicidade. Autorizar un gasto total por importe de **114.708,00 €** (base imponible de 94.800,00 € e IVE do 21% por importe de 19.908,00 €), que se imputa á aplicación 030 92001 2279900 (Informática, outros traballos realizados por outras empresas) dos orzamentos municipais para 2022.

#### **11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00039540B.**

**Aprobación do expediente de “Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Pérez Lugín”.**

Acórdase: Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Pérez Lugín”, e a apertura do procedemento aberto de adxudicación, establecendo o seguinte orzamento base de licitación:

ORZAMENTO DE LICITACIÓN: **59.997,85 €**

S/IVE: 49.585,00 €

IVE 21%: 10.412,85 €

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 59.997,85 € euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PARQU 3 1 PARQUES BIOSALUDABLES, REMODELACIÓN DE P).

A duración do contrato será de 60 días naturais a contar desde a data da sinatura da acta de comprobación da implantación.

## 12. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00043348R.

### Aprobación do proxecto básico e de execución “Espazo deportivo multiusos – Pumptrack no barrio de Conxo”.

Apróbase o proxecto construtivo de data 7/09/2022 da obra “Espazo deportivo multiusos no barrio de Conxo/ Pumptrack”, que ten as seguintes características:

☑ Orzamento das obras: 39.999,99 € + 8.400,00 € de IVE (21%) = **48.399,99 €**.

☑ Prazo de execución: 8 semanas.

☑ Clasificación do contratista: non se esixe.

A obra descrita no proxecto construtivo articúlase en 3 rectas e 6 curvas, con acceso desde a rampla situada na Rúa de Emilio Pardo Bazán. O deseño trata de ocupar a maior superficie do terreo proposto en zonas de rodaxe, mantendo os radios de curvaturas adecuados para este tipo de instalacións, ocupando 440 m<sup>2</sup>, para poder ofrecer aos usuarios de diferentes habilidades zonas aptas onde practicar as súas habilidades co deseño máis adecuado.

## 13. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00043340Q.

### Aprobación do proxecto básico e de execución “Espazo deportivo multiusos – Pista voleibol no barrio de Conxo”.

Apróbase o proxecto construtivo de data 7/09/2022 da obra “Espazo deportivo multiusos no barrio de Conxo/ Pista de voleibol”, que ten as seguintes características:

☑ Orzamento das obras: 39.941,26 € + 8.387,66 € de IVE (21%) = **48.328,92 €**.

☑ Prazo de execución: 8 semanas.

☑ Clasificación do contratista: non se esixe.

A obra descrita no proxecto construtivo ten por fin situar a pista dentro dos terreos existentes a carón da pista de skate, no nivel superior das gradas no seu lado sur, sen grandes desniveis nin arboredo cun pavimento de terra compactada. A pista de voleibol será de 25x16 m<sup>2</sup> con pavimento de formigón e incluírá un valado con malla de nailon de 6 m de altura.

## 14. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00043327A.

### Aprobación do proxecto básico e de execución “Espazo deportivo multiusos – Pista skate no barrio de Conxo”.

Apróbase o proxecto construtivo de data 12/09/2022 da obra “Espazo deportivo multiusos no barrio de Conxo/ Pista de skate”, que ten as seguintes características:

☑ Orzamento das obras: 39.999,99 € + 8.400,00 € de IVE (21%) = **48.399,99 €**.

☑ Prazo de execución: 8 semanas.

☑ Clasificación do contratista: non se esixe.

A obra descrita no proxecto construtivo ten por fin dinamizar o entorno, mellorar a escena dos deportes urbanos (skateboard) e facer máis inclusivo este espazo público, mediante a construción dun skatepark máis acorde coas tendencias actuais.

## 15. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00026615N.

### Corrección de erros oferta de emprego pública do ano 2022. Expediente electrónico núm. 2022/00026615N

Acórdase a seguinte corrección e erros:

Primeiro.-

#### ONDE DI:

| Nº prazas | Denominación         | Escala         | Subescala      | Clase         | Grupo |
|-----------|----------------------|----------------|----------------|---------------|-------|
| 3         | Administrativo/a     | Admon Xeral    | Administrativa |               | C1    |
| 1         | Enxeñeiro/atécnico/a | Admon Especial | Técnica        | Técnico medio | A2    |

**DEBE DICIR:**

| Nº prazas | Denominación         | Escala         | Subescala      | Clase         | Grupo |
|-----------|----------------------|----------------|----------------|---------------|-------|
| 4         | Administrativo/a     | Admon Xeral    | Administrativa |               | C1    |
| 2         | Enxeñeiro/atécnico/a | Admon Especial | Técnica        | Técnico medio | A2    |

Segundo.- Ordenar a publicación deste acordo no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña*.

**16. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00033748S.****Aprobación do texto do convenio e concesión directa da subvención á Asociación Cultural O Galo para a anualidade 2022.**

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación Cultural O Galo, por importe de **5.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890001, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

**17. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00035164M.****Aprobación do texto do convenio entre o Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2022.**

Apróbase o texto do convenio entre o Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2022, no que se recollen os seguintes aspectos:

- ☑ O seu obxecto é establecer a relación entre o centro comercial e o Concello de Santiago de Compostela para colaborar nas Festas do Apóstolo 2022.
- ☑ O Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI aporta como colaboración no programa citado a cantidade de 3.000 euros máis IVE que serán ingresados a favor do Concello de Santiago.
- ☑ O Concello incluírá o logotipo do Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI nos programas das festas do Apóstolo, así como na páxina web e redes sociais.
- ☑ O Concello proxectará o logo do Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI nas pantallas dos concertos das festas do Apóstolo.
- ☑ O concello incluírá ao Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI nas enumeracións de colaboradores das Festas do Apóstolo 2022.
- ☑ A vixencia do convenio sera até o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogable, sen que o Concello e a empresa asuman ningún outro compromiso máis que os recollidos no convenio.
- ☑ Concello de Santiago emitirá unha única factura, por importe de 3.000 euros mais IVE que o Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI abonará, mediante transferencia bancaria, a favor do Concello de Santiago na conta de Abanca número ES58 2080 0300 8731 1004 3525.

**18. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2022/00037247H.****Aprobación do Convenio de colaboración coa Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun programa de actividades e promoción da Semana Santa durante a anualidade 2022, e aprobación do gasto correspondente.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela.

Segundo. Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **3.000,00 €** con cargo á aplicación 070 92501 4890001 dos orzamentos municipais de 2022.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

**19. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018207E.****Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Asociación Empresarial do Tambre e o Concello de Santiago de Compostela.**

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Asociación Área Empresarial do Tambre e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, por 50.000 €.

**20. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018252K.**

**Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Unión de Cooperativas Espazo Coop e o Concello de Santiago de Compostela.**

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Unión de Cooperativas Espazo Coop e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, por unha contía de 39.000.-€.

**21. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00006533B.**

**Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Cámara de Comercio de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela.**

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, por unha contía de 75.000 €.

**22. COMERCIO. Referencia: 2022/00035979S.**

**Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2022.**

Acórdase:

Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2022, cunha achega de 35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004

**23. COMERCIO. Referencia: 2022/00032953W.**

**Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a realización da exposición “O Esplendor do Camiño, oito séculos de pratería e acibeche en Compostela”.**

Acórdase:

Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a realización da exposición “O Esplendor do Camiño, oito séculos de pratería e acibeche en Compostela”, cunha achega de 20.200,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 20.200,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

**24. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00043633X.**

**Dación de conta á Xunta de Goberno Local do veredicto do xurado da XV edición do Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados.**

Tómase coñecemento do veredicto do xurado do XV Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados, que nesta edición recaeu na obra “Esperando el amanecer”, de Fabiola del Rocío Anchorena Arias de Lima (Perú).

O premio está dotado coa cantidade de 9.000 euros, de acordo co seguinte reparto:

Concello de Santiago de Compostela: 8.000,00 euros

Kalandraka Editora: 1.000,00 euros

**25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043728J.**

**Dación de conta de providencia recaída no RCA 7989/2020 do PO 613/2016 CA1**

Dase conta da Providencia do 24.11.2021

Demandante: Urban Portfolio Inmobiliario SL

Obxecto: liquidacións complementarias ICIO e taxas urbanísticas no expediente de inspección 259/2015.

A providencia acorda non admitir o recurso de casación contra a sentenza parcialmente estimatoria ditada polo TSX; polo que é desfavorable para o Concello. A Sala acorda a non admisión ao entender que non está suficientemente acreditada a existencia de interese casacional obxectivo; ademais de non apreciarse a necesidade dun xuízo de relevancia sobre o asunto exposto.

No presente caso debatíanse dúas cuestións:

- a. A minoración da base imponible do ICIO nas cantidades de 189,07 euros e 1.824,03 euros, por erros nas contas; pretensión que é desestimada polo xulgado primeiro e polo TSX despois.
- b. A inclusión na base imponible das contías referidas a gastos xerais e beneficio industrial, no período no que a interesada, ademais de actuar como promotora das obras, fíxoo tamén como construtora. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso algún

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia e sentenzas.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería para o seu coñecemento e execución.

#### **26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043667K.**

##### **Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 173/2020 CA1**

Dase conta da Sentenza nº 317/2022

Demandante: Critería Caixa SAU

Obxecto: desestimación presunta de solicitude de rectificación plusvalía, e devolución de ingresos indebidos.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación. A demandante presentou na vía administrativa rectificación da autoliquidación presentada, coa conseguinte devolución de ingresos indebidos; solicitude que non foi contestada, recorrendo na vía contenciosa esta desestimación presunta. O Concello opúxose á demanda alegando, en primeiro lugar, que a autoliquidación foi presentada e abonada por unha terceira empresa (unha consultora), que tiña “cuberto” o impreso como suxeito pasivo e transmitinte, e como representante; polo que o dereito a recorrer sería desa terceira e non da entidade que realmente tiña transmitido o inmovible. Por dita razón, o xulgado non admite o recurso, con condena en custas.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza
3. Remitir ao Servizo de Tesourería – Sección de xestión para o seu coñecemento.

#### **27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043665L.**

##### **Dación de conta de sentenza recaída no PA 255/2021 CA1**

Dase conta da Sentenza nº 316/2022

Demandante: Destinos y aventuras SL

Obxecto: desestimación de recurso contra providencias de constrinximento de liquidacións de IBI; prescrición.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Alegaba a demandante que as notificacións das liquidacións tíñanse efectuado nun local da recorrente, un baixo baleiro sen ningún tipo de actividade. Sendo por ilo ineficaces, os actos de recadación posteriores serían nulos; e por conseguinte as débedas estarían prescritas.

A demandante foi a recorrente no PO 142/2017 dese mesmo xulgado (recurso contra a licenza de obra e actividade na “Casa do taberneiro”). Na documentación presentada neste PO figura o domicilio empregado pola Sección de recadación como “domicilio social” da recorrente. De feito, o mesmo letrado asina o documento polo que a empresa decide interpoñer recurso, no que expresamente aparece dita dirección como domicilio social.

Á vista desta proba, o xulgado rexeita o argumento de notificación defectuosa; valida os actos de recadación executiva; e declara a débeda non prescrita.

Acordase:



1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería – Sección de recadación para o seu coñecemento.

**28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00043897K.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.histórico de Santiago de Compostela.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 23 ao 29 de setembro de 2022.

**URXENCIAS**

**29. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020872T**

**Autorización da recepción da obra de remate do tratamento arquitectónico do límite leste do parque da Alameda (Muro do Pombal – fase I)**

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de expediente Obras de remate do tratamento arquitectónico do límite leste da Alameda (Muro Rúa do Pombal) FASE I.

Previamente ao acto de recepción e co fin de acreditar a idoneidade das obras para a súa recepción, o contratista e a dirección facultativa deberán achegar, en todo caso, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 23/09/2022.

Segundo.- Nomear representante da administración á técnica municipal supervisora destas obras

Terceiro.- Ordenar que se comunique á Intervención Municipal o lugar, día e hora do acto de recepción.